

*Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre **O MOVEMENTO OBREIRO EN ESPAÑA** desde as súas orixes ata a crise da Restauración. Estructurando libremente a túa composición á luz dos documentos, e tendo en conta a súa contextualización, debes atender cando menos ós seguintes aspectos: razóns e reivindicacións obreiras, formas de organización e loita, e caracterización ideolóxica das principais organizacións obreiras.*

**Doc.1.- Parte do Xeneral Pastor sobre o incendio da fábrica Bonaplata ( Barcelona, 1935):**

“ Foi queimada a fábrica de tecidos e fundición de ferro dos señores Bonaplata e Cía. As autoridades, cando se decataron de que tentaban este ataque os amotinados, enviaron toda a forza de que se podía dispoñer, co fin de atallar o incendio; mais en balde, xa que estaban determinados a facelo, convencidos de que os teares movidos por máquinas diminuían a produción do traballo manual. Os donos da fábrica, que tiñan hai días temores deste ataque, tomaron precaucións cunha garda dos seus propios dependentes, quen es prematuramente fixeron fogo ós amotinados, cousa que alporizou a estes e aumentou a súa insolencia. A tropa que tiña que contelos púxose de por medio e resultaron da lirota varios mortos e feridos”.

**Doc.2.- En setembro de 1855, *El Eco de la Clase Obrera* publicaba a seguinte petición ás Cortes:**

“ Señores Deputados das Cortes Constituíntes:

Hai anos que a nosa clase vai camiñando cara a súa ruína. Os salarios menguan. O prezo dos comestibles e das habitacións é máis alto. As crises industriais sucédense. Temos que (...) mandar ó taller ás nosas donas con prexuízo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro.

É xa gravísimo o mal, urxe o remedio, e agardámolo de vosoutros. Non pretendemos que ataques a liberdade do individuo, porque é sagrada e inviolable; nin que mates a concurrencia, porque é a vida das artes; nin que carguedes sobre o Estado a obriga de socorremos, porque coñecemos os apuros do Tesouro. Pedímosvos unicamente o libre exercicio dun dereito: do dereito de ASOCIARNOS.

Hoxe concédenos só para favorecernos nos casos de enfermidade ou de falta de traballo; concédasenos en adiante para opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres, establecer de acordo con eles tarifas de salarios, procurarnos os artigos de primeira necesidade a baixo prezo, organizar o ensino profesional e fomentar o desenvolvemento da nosa intelixencia, atender a todos os nosos intereses”.

**Doc3.- Neste artigo publicado en setembro de 1872 en *La Defensa de la Sociedad*, advírtese do perigo que para a orde establecida supón a Asociación Internacional de Traballadores (AIT):**

“ Proba en verdade que atinxe a reis e pobos, a sacerdotes e profanos, ó cidadán humilde e ó elevado magnate, á relixión, á moral, á propiedade, ó traballo; á autoridade, á liberdade, á paz pública; á patria, á familia, á seguridade persoal; á orde, ó goberno, á economía política; e en fin, a tódalas entrañas da vida da humanidade. ¡ Tremendo retroceso habería sufrir esta se en tal proba saísen vencidos os principios tutelares da súa existencia e desenvolvemento!

E vencidos saírían se os ánimos rectos, se os homes dos que os seus intereses morais e materiais están ameazados, se as clases lexítimas cegamente combatidas, non abrisen a tempo os ollos para ver e evitar o abismo onde empurra á sociedade enteira esa tempestade de erros (...), políglota e cosmopolita, que se titula a Asociación Internacional”.

**Doc 4.- En marzo de 1917, este Manifesto da UGT e a CNT propón a folga xeral, que será definitivamente convocada en Agosto:**

“ O proletariado organizado chegou así ó convencemento da necesidade da unificación das súas forzas nunha loita común contra os amparadores da explotación erixida en sistema de goberno. E respondendo a este convencemento, os representantes da *Unión general de Trabajadores* e os da *Confederación Nacional del Trabajo* acordaron por unanimidade: Primeiro(...) co fin de obrigar ás clases dominantes a aqueles cambios fundamentais de sistema que garantan ó pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras, imponse que o proletariado empregue a folga xeral, sen prazo definido de terminación, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos”.

## COMENTARIO:

A Revolución Industrial iniciada en Inglaterra a finais do século XVIII trouxo consigo o nacemento dunha nova clase social: os obreiros, que Marx deu en chamar proletariado. Estes obreiros eran os asalariados que traballaban nas fábricas dos empresarios, pero non como agora, senon nunhas condicións laborais que hoxe calificaríamos de explotación brutal: longuísimas xornadas laborais de ata dezaseis horas, en lugares de traballo totalmente insalubres, sen seguros nin salarios mínimos e podendo ser despedidos según o capricho do patrón.

A Revolución Industrial tamén deu lugar a unha nova burguesía bastante acomodada que vivía a costa do esforzo dos obreiros, mentras estes sufrían unhas condicións de auténtica miseria e cunha esperanza de vida que ás veces non chegaba ós trinta anos.

Este estado de cousas, aínda que en menor escala, tamén chegou a España, especialmente ás zonas industriais como Cataluña, País Vasco etc.

En poucos anos e, ante as condicións de vida e traballo das masas obreiras comezou o que se coñece como “movemento obreiro” e que se deu en todo o mundo industrializado.

A primeira reacción do proletariado ante o proceso industrializador foi o que se deu en chamar **luddismo**, debido a que o que o comezou foi un obreiro inglés chamado Ludd.

Tras a aparición das fábricas, estas foron incorporando máquinas que facían o traballo en lugar dos obreiros. Así pois a clase obreira pensou que as máquinas quitábanlle os postos de traballo ós obreiros e, xa que logo, a reacción proletaria foi posicionarse contra o uso de maquinaria nas fábricas e emprender accións violentas para a súa destrución. Os obreiros que se adicaron a atentar contra as máquinas foron chamados mecanoclastas.

Así e para ilustrar este feito podemos ver o **Doc. 1** no que se conta como uns obreiros asaltaron e queimaron unha fábrica de tecidos en Barcelona porque esta contaba con teares movidos por máquinas e os obreiros crían que lles quitaban postos de traballo. Isto sucedeu en 1835 pero xa antes houbera feitos similares en varias cidades españolas, o primeiro dos cales foi a queima dunha fábrica en Malaga en 1820.

Estes incendios das fábricas a mans dos obreiros só durou uns anos porque o proletariado axiña se da conta de que as máquinas non eran as causantes dos seus problemas, senon que mesmo poderían facer que os obreiros tivesen mellores condicións laborais e de que o verdadeiro inimigo da clase obreira eran os patróns, que non repartían de forma minimamente equitativa os beneficios das empresas. Así pois comezaron a xurdir asociacións obreiras clandestinas.

Ó principio estas asociacións eran dun colectivo de traballadores dun determinado sector polo que tiñan certo carácter gremial e funcionaban como Sociedades de Socorro Mutuo. Isto quere dicir que os obreiros creaban un fondo común que permitía manter a algún dos seus membros cando estaban enfermos, xa que en caso de enfermidade non cobraban salario algún e mesmo podían ser despedidos.

Pouco a pouco estas organizacións van evolucionando e tendo certa influencia e cara a década de 1840 aparecen as primeiras organizacións de carácter sindical. Nun principio este tipo de asociación estaban prohibidas. Como vemos no **Doc.2.** os obreiros queixábanse dos baixos salarios, do traballo feminino e infantil e das duras condicións de vida que soportaban. Así pois no xornal “ El Eco de la Clase Obrera” fan unha petición ás Cortes do Bienio Progresista, piden o **dereito de asociarse** para reivindicar melloras laborais. Pero ante a pasividade do Goberno, ese ano, 1855, ten lugar en Barcelona a primeira folga seria en España, debido ás tensións producidas na construción do tranvía da cidade condal. A pesar de todo o dereito de asociación non sería recoñecido dun xeito definitivo ata 1887 baixo o goberno do liberal Sagasta.

A pesar da represión o sindicalismo seguiu reforzándose e espallándose. En 1868, a revolución da “Gloriosa” permitiu unha certa liberalización. A Constitución de 1869 contemplaba coma un dereito recoñecido a posibilidade de asociarse, e isto permitirá a chegada a España das ideas anarquistas.

O encargado de difundir a teoría anarquista foi Fanelli, que en realidade veu a España como difusor da 1ª Internacional, xa daquela dividida entre dúas tendencias: marxista e anarquista. Sería o xenro de Marx, Lafargue, o que espallaría aquí a corrente marxista da AIT.

A 1ª AIT, Asociación Internacional de Traballadores, foi unha organización obreira fundada en Londres en 1864. Impulsada pola corrente marxista pretendía ser o referente internacional das organizacións obreiras para posibilitar unha acción coordinada. Pero como vemos no **Doc. 3** contou sempre coa encarnizada oposición dos gobernos e das clases burguesas. O xornal “La Defensa de la Sociedad”, de claro corte conservador, mostranos a alarma que había entorno a esta organización obreira.

Entre a represión e a división ideolóxica a 1ª Internacional acabaría por finiquitar en 1874. Mais antes de que eso ocorrixe en España existiu unha Federación Regional española de influencia maioritaria anarquista; logo, coa chegada da corrente marxista, parte desa FRE escindiuse e fundou a Federación de Madrid, que sería o núcleo orixinario do PSOE. Partido Socialista Obrero Español creado en 1879 e, posteriormente do seu sindicato UXT, Unión Xeral de Traballadores que aparecerá en 1888.

A presión destes grupos non conseguirá grandes logros durante a primeira etapa da Restauración pero pouco a pouco a sociedade foi tomando conciencia do problema obreiro, a medida que o número de obreiros medraba ó ritmo do serodio despegue industrial español. O aumento de afiliados ó PSOE e á UXT fixo medrar a influencia do movemento obreiro e cara a 1900 conséguense as primeiras leis de protección laboral para mulleres e nenos. En 1904, curiosamente baixo goberno conservador conséguense o descanso dominical, en 1909 regúlanse as folgas mediante a Lei de folgas, en 1919 apróbase a tan reivindicada xornada laboral de oito horas e en 1921 o retiro obreiro.

Compre salientar que estas conquistas foron debidas tamén a outra importante organización sindical, que naceu en Cataluña en 1910 a partir dunha organización chamada “Solidaridad Obrera”, falamos da xa citada CNT, Confederación Nacional de Traballadores, que divide así o sindicalismo español en dúas grandes tendencias: os marxistas da UXT e os anarcosindicalistas da CNT. A CNT terá forte implantación da zona industrial catalana e na campesiña do Sur (latifundios), e a UXT triunfará en Madrid, País Vasco, Asturias.....

Precisamente a unión destes dous sindicatos durante a crise de 1917 fixo posible unha **folga xeral** que rematou coa declaración da Lei Marcial e levou á desestructuración final do sistema da Restauración. Como vemos no **Doc. 4**, CNT e UXT falan da unificación de forzas nunha loita común para levar a cabo as reivindicacións obreiras mediante a folga, o medio de protesta máis eficaz co que contaron estes sindicatos. Precisamente o fracaso dalgunhas convocatorias de folga xeral nesta época débéronse á falta de unidade de acción entre ambas organizacións.

A partir da crise de 1917 crease, sobre todo en Barcelona, un clima de tensión social que se deu en coñecer como pistolismo e que non rematou ata o golpe de Estado de 1923. Nestes anos houbo unha espiral de violencia e asasinatos causados pola actividade sindical, as folgas, os conflitos sociais e laborais. Os membros máis radicais dos sindicatos, especialmente da CNT asasinaban e atentaban contra os patróns, e estes respondían contratando matóns para asenar a líderes obreiros.

A accións sindical non tivo unha evolución continua e lineal senon máis ben numerosos altibaxos, combinando momentos de auxe con momentos de forte represión, dependendo do goberno correspondente en cada momento.

Por último destacar que moitos dos logros e ventaxas laborais e sociais das que podemos gozar hoxe, e que moitas veces pensamos que están aí dende sempre, non houberan sido posibles sen o esforzo, as loitas, os conflitos, e tamén o sangue dos que loitaron pola consecución dos seus dereitos; eso foi o movemento obreiro.